CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Identificar conexións entre diferentes elementos da contorna		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural inmediata.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

Contidos
<p>- Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna.</p> <p>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</p> <p>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</p>

UD	Título da UD	Duración
7	O PASO DO TEMPO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos da contorna natural, social e cultural.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural inmediata.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos

1. Educación integral orientada a formar persoas...
 - Indagadoras e analíticas

- Informadas e cultas
- Reflexivas e críticas
- Boas comunicadoras
- Colaboradoras e participativas
- Comprometidas e éticas
- Creativas
- Respectuosas e con mentalidade aberta

1. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
 - Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

1. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

1. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

2. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante

3. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

4. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada unha área ten sentido propio, propónse un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

5. Integración de novos saberes:

- Alfabetización informacional.
- Competencias STEAM.

Secuenciación dos proxectos cooperativos (retos) ao longo do curso

Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Deste xeito, todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global do proxecto, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes e se converta en protagonista da súa evolución.

Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

Primeiro trimestre

O reto deste primeiro trimestre consiste na reflexión sobre as diferenzas individuais, as características persoais, os sentimentos, as preferencias, as emocións... Desde esta formulación, a idea é estimular nos nenos e nas nenas a reflexión sobre as propias características, o respecto polos que nos rodean, o interese cara aos sentimentos e as emocións dos demais e as actitudes de colaboración en diferentes ámbitos da vida cotiá.

Neste reto, preséntase a imaxe dun grupo de nenas e nenos, e a participación nun xogo de cores serve para organizar aprendizaxes que lles permitirán reflexionar sobre as súas emocións, promover actitudes para a inclusión e o traballo colaborativo e utilizar estratexias para solucionar problemas de inclusión e crear unha contorna de compañeirismo. Desde este contexto, ponse en relación os seguintes aspectos:

- A importancia de participar en actividades en grupo para desenvolver actitudes de traballo cooperativo e habilidades sociais.
- O desenvolvemento da capacidade de comunicarse mediante o uso de diferentes linguaxes.
- O recoñecemento das súas emocións para expresar os seus sentimentos.
- O desenvolvemento da empatía para poñerse no lugar do outro e comprender as súas emocións.

- A relación da diversidade co enriquecemento persoal e do grupo.
- A aplicación de ideas e estratexias para crear contornas inclusivas.

Segundo trimestre

A reflexión sobre a natureza, os seres vivos e as relacións que se establecen entre eles orientan o reto que serve para pechar o traballo do trimestre. Coñecer os perigos que asexan os nosos bosques e a implicación que isto ten na vida do planeta é un paso esencial para que todos tomemos conciencia do que podemos facer para lograr que esta situación mellore.

Este eixo transversal do trimestre permitirá tratar o tema nas diferentes áreas desde puntos de vista e enfoques moi diversos, que permitirán aos nenos e ás nenas integrar as súas aprendizaxes e enriquecer as súas experiencias en relación con iso e adoptar unha postura activa no coidado da natureza.

A situación de aprendizaxe que se propón neste reto sitúa aos alumnos nunha contorna natural. A reflexión sobre o comportamento adecuado na natureza permitiralles desenvolver a creatividade proponendo accións para a súa conservación e tomar conciencia da importancia de coidar o medio ambiente e de desenvolver actitudes de respecto cara á natureza.

Os aspectos máis destacados son:

- A comprensión e a interpretación de imaxes e sinais da contorna natural para reflexionar sobre o coidado da natureza.
- A capacidade de comunicación para coñecer, comprender e valorar a contorna.
- O desenvolvemento da creatividade para suxerir accións novas para a conservación da natureza.
- A adquisición de hábitos relacionados coa reciclaxe para interiorizar a importancia de adoptar un estilo de vida sostible.
- A reflexión sobre as consecuencias da degradación ambiental para tomar conciencia da necesidade de colaborar para mellorar a vida no planeta.

Terceiro trimestre

A reciclaxe, a reutilización de materiais e o aforro de recursos constitúen o eixo desta situación de aprendizaxe que serve de peche ao curso. Nesta liña, cada área aborda este asunto desde a súa perspectiva e facilita a reflexión sobre o tema desde diferentes puntos de vista.

A sostibilidade como estratexia esencial para o uso responsable dos recursos, o respecto e a valoración da contorna natural e o compromiso persoal na súa conservación, son as liñas que orientan este reto. É esencial que os alumnos se impliquen directamente na reutilización de materiais e se sentan protagonistas das accións encamiñadas a preservar a natureza, dese modo serán cada día máis conscientes do seu papel na construción do futuro.

A situación, a partir da cal se organiza este reto, permite reflexionar sobre o que é realmente necesario e sobre o consumo responsable e opinar sobre a reutilización dos obxectos. Exponse situacións nas que se debe chegar a acordos, tomar decisións, avanzar incidencias, organizar equipos e asignar tarefas, o que será fundamental para desenvolver a súa capacidade de iniciativa persoal e o seu espírito emprendedor.

Póñense en relación os seguintes aspectos:

- A reflexión sobre a necesidade de facer un uso responsable dos materiais para favorecer o desenvolvemento sostible.
- A importancia de guiarse por criterios sociais, solidarios, de saúde, de equidade e ambientais para ser consumidores responsables.
- O desenvolvemento da capacidade de iniciativa persoal e do espírito emprendedor para achegar ideas, propor proxectos e expor solucións.
- A capacidade de organización para planificar e desenvolver proxectos.
- O desenvolvemento do espírito crítico para realizar valoracións e tomar as súas propias decisións.

Neste último reto do curso, promóvese o seu pensamento crítico, adquiren valores persoais e sociais e desenvolven habilidades comunicativas esenciais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS

RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS
RECURSOS ESPACIAIS

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto esteticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

Entre os recursos a empregar podemos mencionar os seguintes:

RECURSOS PERSOAIS: titora, especialista en P.T., especialista en A.L. orientadora do centro, outros docentes do centro en caso de ter que substituír á titora, familias, monitores de actividades complementarias contratadas ou gratuítas polo centro con outras institucións e relacionadas coas unidades didácticas desta materia.

RECURSOS MATERIAIS: materiais elaborados polas titoras, materiais de reforzo e ampliación e de avaliación elaborados polas titoras, libros de texto de editoriais que haxa no centro, probas e e taboas de indicadores para a avaliación, colección de minerais, modelo do sistema solar, mapas, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, lapis de cores...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros informativos relacionados cas unidades didácticas da materia, revistas, xogos manipulativos e didácticos ...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: Encerado interactivo, ordenadores portátiles.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual do centro, vídeos e recursos interactivos atopados na rede ou elaborados polas titoras, enciclopedias online, , presentacións...

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna, museos e outras institucións

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Neste eido cómpre ter en conta se o alumnado é do centro ou é de nova incorporación, do cal so hai referencias previas nos informes individualizados.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil

en canto o desenvolvemento de cada alumno.

- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

-Debuxo da familia e da escola.

-Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a súa contorna, como por exemplo, diferentes tipos de paisaxes, diferentes tipos vivendas, elementos que atopamos na rúa e no colexio.

-Asemblea.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

A nota final será a media calculada a partir das cualificacións obtidas nos tres trimestres do curso académico.

Os criterios cualificadores a ter en conta serán os seguintes:

- .Valoración de contidos e competencias adquiridas mediante táboas de indicadores: 60%
- .Traballos realizados na aula de xeito adecuado e presentación dos mesmo: orde, limpeza:10%
- .Rexistro de actividades realizadas no libro, no caderno, fichas: 10%
- .Actitude na aula e no centro: organización de materiais propios e alleos e normas de convivencia mediante a observación sistemática: 10%
- .Valoración da actitude na aula: interese, atención, participación, esforzo,colaboración ...mediante rexistros

recollidos na observación directa do traballo realizado na aula: 10%

Criterios de recuperación:

Segundo a lexislación vixente a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe.

Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. En canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) .
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión lectora, expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre homes e mulleres.		X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia.		X		X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.		X	X	X	X	X	
ET.5 - Educación para a saúde , incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Prestarase atención a educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a actividades didácticas propostas polo Concello de Santiago e outras que nos oferten diferentes institucións e organismos.	Saídas á contorna.	X	X	X
Participación nas conmemoracións de obrigado cumprimento. propostas polo Equipo de Actividades Extraescolares, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e polo Equipo de Biblioteca	Exposicións e decoracións do colexio e da aula.	X	X	X
Participación en actividades e saídas didácticas organizadas desde o centro.	Saídas á contorna.	X	X	X
Participación en actividades organizadas no centro como : O Magosto, O Samaín, O Nadal, O Entroido.	Exposicións e decoracións do colexio e da aula.	X	X	

Observacións:

Entre os própositos que perseguen estas actividades extraescolares e complementarias destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos e alumnas nas actividades curriculares.
- Mellorar as relación entre o alumnado axudándolles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do noso alumnado ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes relacionadas coa interacción e o respecto as demais persoas e ao coidado do patrimonio natural e cultural.
- Favorecer a curiosidade, sensibilidade e creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido de responsabilidade nas actividades propostas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación: coherencia de obxectivos e contidos, temporalización, organización de recursos e materiais e procedementos de avaliación
Préstase atención aos elementos transversais?
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención a diversidade?
Clima de traballo na aula
Alumnado: motivación, explicacións individuais e información de resultados/erros obtidos nas tarefas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grado de coordinación co resto do equipo docente?
Información e implicación das familias?

Descrición:

Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente empregando diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.

5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados